

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A
ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA DE A CORUÑA (ACLAD) PARA
O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS
RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 23 de febreiro de 2018 coa Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento, por parte da Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD), de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos adictivos relacionados con dependencias non alcohólicas atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de

prescripción e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria ocúpase da xestión, planificación e coordinación das medidas e accións dirixidas a reducir a demanda do consumo de drogas, a facilitar a prestación de servizos asistenciais e a promover a incorporación social de persoas drogodependentes.

Segundo o establecido no Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial asumirá as funcións asistenciais que se lle asignen ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

De acordo con isto, esa subdirección xeral é a unidade administrativa encargada de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións que, respecto da materia obxecto da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas, se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre outros, a citada subdirección xeral ten o obxectivo xeral de colaborar con institucións públicas e privadas nas distintas vertentes da problemática das drogodependencias.



Dada a especificidade técnica que requiren os programas obxecto dos convenios que se propoñen en materia de trastornos adictivos así como as actuacións que desenvolven as entidades e tendo en conta que os devanditos programas son executados a través destes convenios, non se promove a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

